



### III Premio Realía de tradución

O Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa Editorial Hugin e Munin, convoca a terceira edición do Premio Realía de tradución Literaria, un certame de periodicidade bienal co que recoñecer traducións inéditas á lingua galega de obras narrativas, circunscritas ao xénero da novela e da novela curta. O obxectivo é outorgarlle visibilidade ao traballo dos profesionais da tradución e recoñecelo coa publicación da obra nalgunha das coleccións da editorial. A obra gañadora será cedida á Biblioteca Virtual (BIVIR) da Asociación de Tradutores Galegos pasado un ano da súa publicación en papel.

O premio rexeráse polas seguintes bases:

1ª. Poderán concorrer ao premio as traducións directas ao galego, consonte a normativa vixente, de obras narrativas escritas orixinalmente noutra lingua (agás castelán e portugués), sempre que estean libres de dereitos de autor.

2ª. Outorgarase un premio dotado con 1.500 €, importe ao que se lle practicará a retención pertinente.

3ª. Os traballos deberán ser inéditos e non contaren con ningunha distinción previa. Non se admitirán obras de autores e autoras xa traducidos ao galego.

4ª. A extensión mínima requirida é de 100.000 caracteres con espazos.

5ª. As traducións, ademais de nun ficheiro de texto coa extensión ODT, DOC ou PDF (que deberá vir dentro dun CD ou dunha memoria USB), deberán presentarse en papel, nunha única copia, coas seguintes

características: tamaño DIN A4 (marxes superior e inferior: 2,5 cm; marxes esquerda e dereita: 3 cm), fonte Calibri tamaño 14 e espazo interliñar de 1,5.

Facilitarase ademais unha copia dixital ou en papel do texto orixinal de referencia para a tradución, ou no seu defecto a ligazón á fonte utilizada, que deberá ser accesible para o xurado.

6ª. Acompañarase unha plica na que se fará constar o nome, apelidos, nacionalidade, enderezo, teléfono e correo electrónico do tradutor/a, ademais de incluír un breve currículo no que se indique a formación tanto na lingua de partida coma na lingua meta. No exterior da plica unicamente deben figurar o pseudónimo e o título da obra.

7ª. As traducións enviaranse ao Teatro Principal, Rúa Nova 21, 15705 Santiago de Compostela, indicando no sobre: *III Premio Realía de tradución*.

8ª. O prazo de presentación de orixinais é de 1 mes contado a partir do día seguinte da publicación das bases no Diario Oficial de Galicia.

9ª. O xurado estará formado por, cando menos, un representante da editorial Hugin e Munin, un representante da Asociación de Tradutores Galegos (ou no seu defecto un profesional da tradución) e un lector independente. Valorarase a transcendencia e a calidade da obra e do autor traducidos, así como o feito de cubrir un oco relevante no sistema literario galego, ademais de aspectos como a fidelidade ao texto orixinal, a corrección ortotipográfica e gramatical na lingua meta, a fluidez do texto, a riqueza expresiva e a creatividade das solucións, tendo sempre como referencia as fontes académicas.

10ª. O traballo premiado será publicado pola Editorial Hugin e Munin nalgunha das súas coleccións, tras ser adaptado aos seus criterios editoriais e ser sometido a unha corrección profesional. A versión galega da obra terá unha licenza Creative Commons de Recoñecemento-Non-Comercial-Obras-Non-Derivadas 3.0 ou superior. Posteriormente, transcorrido un ano dende a súa publicación en papel, pasará a formar parte do catálogo BIVIR da Asociación de Tradutores Galegos.

11ª. O xurado poderá declarar deserto o premio.

12ª. O ditame do xurado será inapelable.

13ª. O ditame anunciarase no mes de agosto de 2021. Haberá así mesmo un acto de presentación da obra nun prazo non superior a seis meses a contar dende a data de resolución do premio.

14ª. Os traballos que non se premien non serán devoltos e serán destruídos.

15ª. A participación neste certame implica a total aceptación e conformidade con estas bases.

22 de febreiro de 2021  
Santiago de Compostela